

deporte ^{CURSO} 2008 2009
na escola
actividade polideportiva - cultural

XOGAS?



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ACTIVIDADE POLIDEPORTIVA-CULTURAL

1. PARTICIPANTES

Poderán inscribirse no proxecto de actividade polideportiva-cultural, todos os centros de ensino de Galicia que correspondan ás seguintes categorías.

2. CATEGORÍAS

E: Alumnado 1º - 2º de primaria

A: Alumnado 3º - 4º de primaria

B: Alumnado 5º - 6º de primaria

C: Alumnado 1º - 2º ESO

D: Alumnado 3º - 4º ESO

4. DEPORTES E ACTIVIDADES INCLUÍDOS

3. COMPOSICIÓN DE EQUIPOS

Os equipos estarán compostos por un mínimo de 20 deportistas dun mesmo centro educativo agás a Categoría E, respectándose a condición de equipos mixtos nas categorías A e B, tanto na composición como na participación. Na categoría C e D, as equipas serán masculinos e femininos.

Excepcionalmente, cando un centro non dispoña do alumnado suficiente para formar o equipo poderá agruparse con outro colexio da zona, previa autorización polo Servizo Provincial de Deporte.

MODALIDADE	Bádminton	Baloncesto	Balonmán	Fútbol sala	Voleibol	Xadrez	Xogo cultural
Cat. A (4 mod.)	Optativa	Optativa	Optativa	Optativa	Optativa	Optativa	Fixa
Cat. B (5 mod.)	Optativa	Optativa	Optativa	Optativa	Optativa	Optativa	Fixa
Cat. C, D	Fixa	Fixa	Fixa	Fixa	Fixa	Fixa	Fixa

Atletismo Trimestral

Natación Trimestral

5. INSCRICIÓNS

A inscrición formalizarase a través da aplicación informática que se atopará dentro da páxina web www.deporteescolargalego.org.

Para poder acceder ao procedemento de inscrición, o responsábel, ou coordinador/a do centro deberá solicitar a clave de acceso a través da web..

6. DOCUMENTACIÓN

Cada centro deberá facilitar a través do procedemento de inscrición os seguintes datos:

- Datos completos do Centro educativo (segundo programa de inscrición).
- Datos dos ou das responsábeis do centro.
- Datos dos alumnos ou alumnas inscritas no programa.

7. ORGANIZACIÓN E FASES

A Dirección Xeral para o Deporte, a través dos Servizos Provinciais e das agrupacións deportivas da zona, organizará se fose necesario polo número de inscricións, encontros local-comarcais, provinciais e o encontro da xornada galega no programa.

8. REXIME DE AXUDAS

A Consellería de Cultura e Deporte en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, asumen conxuntamente a organización e financiamento do presente programa.

ATLETISMO: **XOGANDO AO ATLETISMO**

Cada equipo estará formado por 5 nenos/as do mesmo centro educativo. A categoría A e B será mixta, e a C masculina e feminina.

As probas serán as seguintes:

- 1°** carreira 10 X 10
- 2°** saltos laterais
- 3°** lanzamento de balón medicinal
- 4°** salto horizontal
- 5°** lanzamento de xavelina
- 6°** carreira de relevos
- 7°** carreira de obstáculos con relevos

NATACIÓN

Cada equipo participará cun máximo de 7 nadadores. Os equipos das categorías A e B serán mixtos. Os equipos das categorías C e D serán masculinos e femininos. Cada nadador/a poderá nadar como máximo unha proba individual e unha de relevos.

Sistema de competición:

As probas que compoñen o programa de cada categoría:

CATEGORIA A

- 25 metros costas mixta
- 25 metros braza mixta
- 25 metros croll mixta
- 4 x 25 metros estilos libres

CATEGORIA B

- 25 metros costas mixta
- 25 metros braza mixta
- 25 metros croll mixta
- 4 x 25 metros estilos libres mixta

CATEGORIA C-D

- 50 metros costas
- 50 metros braza
- 50 metros croll
- 4 x 50 metros libres

PROBAS

BÁDMINTON

Cada equipo estará formado por dous deportistas por categoría. Os equipos serán mixtos nas categorías A e B e masculino e feminino nas C e D.

Sistema de competición:

En cada encontro disputaranse un total cinco partidos (4 individuais e 1 dobre).

BALONMÁN

Cada equipo estará formado por dez xogadores sendo mixtos nas categorías A e B.

Sistema de competición:

a. Categorias A e B:

Modalidade de minibalonmán.
Xogadores/as en pista (4+1).
Terreo de Xogo: 13 x 20 m.

b. Categoría C e D:

Modalidade de balonmán. Xogadores/as en pista (6+1).

BALONCESTO


Os equipos serán mixtos nas categorías A e B e masculinos ou femininos na C e D.

Nas categorías A e B xogarán ao minibasket, 5 contra 5.

Para a categoría C e D, os equipos son masculinos e femininos. Xogase ao baloncesto (5 contra cinco 5) e os equipos estarán formados por 10 deportistas.

FÚTBOL SALA

Cada equipo estará formado por dez xogadores/as. Os equipos serán mixtos nas categorías A e B.



→ PROBAS

Sistema de competición:

Nas categorías A e B a duración do partido será de 20 minutos, con 2 períodos de 10 minutos cada un, a reloxo seguido, cun descanso entre cada período de 6 minutos. Na categoría C e D serán 24 minutos repartidos en dous tempos de 12 minutos.

VOLEIBOL

a) Categorías A e BOs equipos serán mixtos e estarán formados por 10 xogadores, e todos deberán intervir no partido..

b) Categorías C-D
Os equipos estarán formados por un

mínimo de 12 e un máximo de 14 xogadores, e todos deberán intervir.

Sistema de competición:

A competición de voleibol será na modalidade de partidos por tempo.

XADREZ

Cada equipo estará formado por unha parella, un neno e unha nena nas categorías A e B e por dous xogadores ou xogadoras na categoría C e D.

Sistema de competición:

A competición será en forma de enfrontamentos directos nos que a partida gañada acumulará 3 puntos, a perdida 1 e en caso de táboas 1 punto a cada un dos contrincantes.

XOGO CULTURAL

Nesta competición participan catro parellas de alumnos e alumnas por cada equipo, cun total de oito participantes. As parellas serán mixtas nas categorías A e B. Cada equipo designará a súa parella número 1, número 2, número 3 e número 4.

Realizaranse un total de vinte preguntas, cinco por parella sobre as seguintes materias:

Matemáticas	Xeografía
Galicia	Lingua galega
Naturaza	Educación física

Cada pregunta acertada valerá un punto e, en caso de fallo, a parella de igual número do equipo contrario poderá responder; se a resposta é correcta, obterá 0,5 puntos.

Cada parella terá un máximo de dez segundos para contestar cada pregunta.

AULAS DEPORTIVAS

As aulas deportivas están dedicadas aos deportes complementarios á marxe da actividade polideportiva, e ten por obxecto o achegamento a eses deportes.

Poderán inscribirse todos os centros de ensino independentemente da súa participación no Programa do Deporte na Escola, sempre e cando haxa prazas.

ACTIVIDADES NA NATUREZA E DE AVENTURA PARA BACHARELATO

Ao longo do primeiro trimestre do curso para o alumnado de Bacharelato, a Consellería de Cultura e Deporte a través da Dirección Xeral para o Deporte vai convocar un programa especial baseado nas actividades de natureza e aventura (sendeirismo, escalada, montaña, bicicleta, parapente, vela).

ACTIVIDADES NA NATUREZA E DE AVENTURA PARA BACHARELATO

Ao longo do primeiro trimestre do curso para o alumnado de Bacharelato, a Consellería de Cultura e Deporte a través da Dirección Xeral para o Deporte vai convocar un programa especial baseado nas actividades de natureza e aventura (sendeirismo, escalada, montaña, bicicleta, parapente, vela.....).

Programas de práctica deportiva que inclúe o proxecto:

Itinerario de actividade deportiva non competitiva:

olideportivos única e exclusivamente participativos e non competitivos, abertos unicamente a centros de ensino e ANPAS.

- Xogos Predeportivos
- Deporte na Escola: Actividade Polideportiva-Cultural
- Actividades na Natureza para Bacharelato

Itinerario de actividade deportiva competitiva:

en colaboración coas federacións deportivas galegas e coas agrupacións deportivas escolares, este programa está aberto a todo tipo de entidades, e dirixido a orientar a participación dos equipos e deportistas no ámbito da especialización e competición deportiva

- Competición Deportiva en Idade Escolar

Estes dous itinerarios falan de deporte e educación, e demandan unha actuación transversal no seu desenvolvemento, co obxectivo de poder consolidar os valores educativos do deporte nunha etapa tan importante para os nenos e as nenas como é a súa vida na etapa da educación non universitaria.

XOGOS PREDEPORTIVOS

1. PARTICIPANTES

Poderán participar só aqueles centros que estean inscritos nalgunha categoría (A, B, C, D) das contempladas no programa de Deporte na Escola..

2. CATEGORIA

Grupo único: Alumnado de 1º e 2º de primaria (categoría E)

3. SISTEMA DE XOGO


A actividade desenvolverase a través de unidades didácticas específicas que se achegarán aos centros participantes. Dita actividade farase dentro do recinto do propio centro.

4. COMPOSICIÓN DAS EQUIPAS

As equipas serán mixtas.

5. XORNADAS TRIMESTRAIS

Estas xornadas intercentros organizadas desde o Servizo Provincial de Deportes en colaboración con outras agrupacións deportivas realízanse unha vez por trimestre.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA